

Finalmente o curso de PRL NO MANEXO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA, MANEXO PRÁCTICO DO TRACTOR E OS SEUS APEIROS, organizado polo ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral), terá lugar na Casa da Cultura dos días 19 ao 23 de outubro, cos seguintes horarios:

Días 19 e 20 de outubro (teoría) das 15.00 ás 20.00 h

Días 21, 22 e 23 de outubro (práctica) ... das 15.00 ás 19.00 h

Todo apunta a que este curso, agora ofertado de forma gratuita, será obrigatorio a partir do 2017 para levar a cabo a actividade no sector agrario, sexa por conta propia ou allea.

Aínda que nun principio está dirixido a persoas traballadoras ou desempregadas do sector agrario, poden cubrirse as prazas con outros colectivos.

Para apuntarse pode facerse das formas indicadas na publicidade adxunta ou nas oficinas municipais.

CONVOCATORIA DO CURSO DE PRL NO MANEXO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA. MANEXO PRÁCTICO DO TRACTOR E OS SEUS APEIROS (INSCRICIÓN GRATUITA)



DESTINATARIOS: Persoas traballadoras maiores de idade ocupadas ou desempregadas na actividade á que se dirixe o curso, con residencia ou centro de traballo actual ou anterior nalgún dos concellos incluídos nos plans de zona.

DATAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN:

LUGAR DE DESENVOLVEMENTO DO CURSO: CONCELLO DE TRABADA

DATAS DE REALIZACIÓN DO CURSO: DO 19 DE OUTUBRO AO 23 DE OUTUBRO DE 2015

NÚMERO DE PRAZAS: 15

ENVIAR O FORMULARIO DE RESERVA DE PLAZAS A TRAVÉS DE:

- desenvolvementorural.issga@xunta.es ou no Fax. 986 787 224

Máis información na web do ISSGA: <http://issga.xunta.es/> e no telf.: 986 783 582

Este programa de cursos desenvólvense en execución da acción "1.22.CA.3- Información e formación en materia de seguridade e hixiene no traballo" incluída no anexo 1 do Convenio específico entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais, asinado o 7/5/2012, contando cunha cofinanciación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente dun 50 %.

